



CONVOCATORIA XERAL PARA PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS

CURSO 2018-2019

PRESENTACIÓN:

Nunha época en que as relacións culturais, económicas, políticas e sociais se desenvolven nun contorno internacional, a formación universitaria de calidade require a preparación de profesionais afeitos a se desenvolveren nese contexto. No marco da súa política de internacionalización integral, a Universidade da Coruña oferta cada curso ao estudiantado da UDC a realización de estadias con fins de estudos no estranxeiro cuxos resultados académicos son obxecto de pleno recoñecemento. Para estes efectos, a UDC participa plenamente no programa Erasmus+ da Unión Europea e noutros programas internacionais que apoian a mobilidade dos estudantes. Así mesmo, organiza, cos medios de que dispón, un programa propio de axudas bilaterais, co obxecto de contribuír ao pagamento dos gastos derivados de mobilidades cara a destinos fóra do contorno dos programas internacionais dos que a UDC recibe fondos externos.

Para dar curso e organizar de modo axeitado esta mobilidade de carácter estable, a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación publica esta **Convocatoria de mobilidade de estudantes para o curso 2018/2019 para realizar estadias con fins de estudos** en universidades estranxeiras.

A convocatoria constitúe un desenvolvemento do Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 21 de decembro de 2012 e modificado o 27 de febreiro de 2014), dispoñible no enderezo:

http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/

1.º OBXECTIVOS E PERSOAS DESTINATARIAS

O obxectivo desta convocatoria é seleccionar o estudiantado da UDC para participar no curso 2018/2019 nos programas internacionais de mobilidade seguintes:

1. Acción Clave Primeira. Mobilidade de Estudantes do Programa Erasmus+ (a partir de agora, Erasmus+).
2. Mobilidade internacional no marco de convenios bilaterais ou de dobre titulación internacional asinados pola UDC con institucións que, polo seu ámbito xeográfico ou contido, se atopan fóra da órbita dos programas anteriores.

2.º FINANCIAMENTO

Esta convocatoria finánciase coas achegas orzamentarias conxuntas da Comisión Europea (proxecto KA 103 ano 2017/2019 “2017-1-ES01-KA103-035589” e proxecto KA 103 ano 2018/2020) e da Universidade da Coruña con cargo ás aplicacións orzamentarias e polos importes iniciais previstos máis abaixo neste artigo, sen prexuízo de que estes importes puideren ser incrementados segundo a dispoñibilidade orzamentaria ou mesmo de ser posible posible nutrirse de incorporacións:

08.00.E31720.422D.48000 (Convocatoria mobilidade Erasmus Estudos Curso 18/19) 600 000,00 euros.

08.00.02.18.19.422D.48000 (Bolsas mobilidade bilateral estudantes 18/19) 75 000,00 euros

Con motivo da data da publicación da convocatoria, ao non estar as incorporacións de crédito efectivas do proxecto Erasmus+ 2017/2019 (partida 2017/ 0800031719 422D 48000 renomeada en 2018/ 0800E31719 422D 48300), utilizaremos o importe do crédito inicial do proxecto Erasmus+ 2018/2020 (0800E31820 422D 48300) para financiar esta convocatoria conxunta dos dous proxectos (0800E31720 422D 48003). Cando finalmente estea incorporado o importe do proxecto Erasmus+ 2017/2019 reverterase, de ser o caso, este importe coa correspondente redistribución.

Esta convocatoria e os actos ditados na súa execución, enténdense condicionados a que unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se inicia a tramitación anticipada.

3.º REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE MOBILIDADE

A) OS REQUISITOS XERAIS PARA SER ADMITIDO/A NUN DOS PROGRAMAS DE MOBILIDADE REXIDOS POLA PRESENTE CONVOCATORIA SON OS SEGUINTE:

1. Estar matriculado/a nun centro propio ou adscrito da UDC co fin de realizar estudos conducentes a un título oficial de grao, mestrado ou doutoramento no momento de presentación da solicitude. De non estar aberto o prazo de matrícula na titulación en que se pretende realizar a estadía no momento de presentar a solicitude, o/a estudante poderá participar na convocatoria sempre que, polo menos, estea admitido/a na titulación para a que solicita a praza de mobilidade. O/a estudante que pretenda realizar a mobilidade durante o grao, debe estar matriculado/a nun curso superior a primeiro no momento de iniciar a estadía.
2. O/a estudante pode realizar un total de dúas mobilidades con fin de estudos na mesma titulación de grao, posgrao ou doutoramento sempre que ningunha delas supere os seis meses de duración. No caso de que algunha superase este límite o/a estudante só poderá realizar unha. O/a estudante dunha titulación non adaptada ao EEES que accedera á súa equivalente no EEES para rematar os seus estudos considerárase que continúa facendo a mesma titulación.
3. A estadía debe cumprir os requisitos propios establecidos por cada centro publicados na web. Ademais, toda estadía debe ter a posibilidade dun recoñecemento académico suficiente. O/a estudante comprobará a existencia desta posibilidade de recoñecemento académico suficiente dirixíndose á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.
4. O/a estudante deberá cumprir os requisitos de idiomas que se regulan no artigo seguinte da presente convocatoria.
5. Os estudantes con nacionalidades estranxeiras deberán ter o NIE en vigor desde o momento da solicitude da mobilidade ata o remate desta.
6. No caso das solicitudes para participar en programas de mobilidade internacional de dobres mestrados, o estudante poderá cubrir a solicitude no primeiro ou no segundo prazo da convocatoria e deberá achegar un escrito no que se compromete a solicitar praza no mestrado correspondente e a entregar a súa aceptación definitiva no mestrado nun prazo máximo de 15 días desde a publicación (Anexo IV).

7. Non ter aceptada unha praza de mobilidade nos anteriores prazos da *Convocatoria de mobilidade de estudantes para o curso 2018/2019 para realizar estadias con fins de estudos*. Entenderase, de xeito automático, que calquera estudante que presente unha solicitude de praza de mobilidade no segundo ou terceiro prazo da convocatoria para substituír a praza concedida inicialmente, renuncia á praza de mobilidade que se lle concedeu nos prazos anteriores. **A praza inicialmente adxudicada quedará vacante polo simple feito de volver a presentar a nova solicitude de mobilidade nun prazo posterior.** O estudante non a poderá recuperar en ningún caso, aínda que non se lle conceda ningunha das prazas solicitadas no(s) seguinte(s) prazo(s).

B) OS ESTUDANTES QUE PARTICIPEN NO PROGRAMA ERASMUS+ DEBERÁN, ADEMAIS, CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:

- a) O programa Erasmus+ só lle permite a cada persoa participar na mobilidade durante doce meses en cada ciclo. Deste xeito, o/a estudante que xa realizara unha mobilidade de prácticas Erasmus no mesmo ciclo que está cursando ao presentar a súa solicitude non poderá acceder a unha mobilidade con fins de estudos que, sumada ao período previo de prácticas, exceda dos anteditos doce meses.
- b) É indiferente para os efectos da aplicación da regra anterior se o/a estudante realiza a mobilidade con ou sen bolsa.
- c) Os estudantes deberán cumprir con todas as demais obrigas que impoña ou poida impoñer no futuro o programa Erasmus+. As regras deste programa pódense consultar na páxina web da axencia encargada de xestionar o programa en España, o SEPIE, (www.sepie.es).

4.º REQUISITOS DE IDIOMAS

A) NIVEIS ESIXIDOS POLA UDC E MOMENTO EN QUE SE DEBEN ACREDITAR:

As persoas candidatas que sexan seleccionadas deberán acreditar os niveis de coñecemento de idiomas que se especifican a continuación de calquera das formas seguintes:

- a) Mediante algunha das certificacións ou diplomas relacionados no anexo II.
- b) Mediante o diploma que acredite ter superado o curso correspondente ao nivel esixido no Centro de Linguas a través da convocatoria para a mellora das competencias lingüísticas do estudiantado.
- c) Mediante a superación da proba de nivel a que se refire a aliña D) deste mesmo artigo.
- d) Mediante unha certificación de ter superadas estas mesmas probas de nivel realizadas nos dous cursos anteriores (2016/2017 e 2017/2018).

O nivel que se deberá acreditar será o seguinte (todos os niveis de coñecemento indicados están referidos ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas -MCERL-):

- **A2 (completo):** cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que vai realizar na universidade de destino sexa o **alemán, italiano ou portugués**.
- **B1 (completo):** cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que vai realizar na universidade de destino sexa o **inglés ou francés**.

- **B1 (completo) en lingua inglesa** cando a lingua de instrución sexa **calquera outro idioma distinto do inglés, francés, alemán, italiano e portugués**.

En caso de que o/a estudante elixa na súa listaxe de preferencias, universidades con linguas de instrución diversas, deberá acreditar o nivel sinalado para todas e cada unha desas linguas de instrución. Doutro xeito, os destinos cuxa lingua o estudante non acredite quedarán excluídos.

B) CASOS ESPECIAIS (QUE NON DISPOÑAN DE CERTIFICADO DO NIVEL ESIXIDO):

1. Estudantes de Filoloxía. No caso de que o idioma obxecto de estudo na súa carreira coincida co idioma de instrución na universidade de destino, os estudantes de Filoloxía presentarán unha copia da matrícula como acreditación do nivel lingüístico.
2. Os estudantes dunha titulación internacional oficial da UDC (dobre ou conxunta) que se imparta nunha lingua estranxeira, e que inclúa mobilidade internacional como parte do plan de estudos, presentarán a matrícula na titulación como acreditación do seu nivel ou xuntarán o anexo IV.

Os estudantes estranxeiros residentes en España e con NIE vixente, nativos nas linguas oficiais do país de destino, preferiblemente distinto ao país de orixe, necesitarán acreditar a nacionalidade estranxeira no devandito país e os estudos previos (equivalentes ao nivel de secundaria ou universitarios) realizados nesta lingua do seu país de orixe.

C) NIVEL DE IDIOMAS ESIXIDO POLA INSTITUCIÓN DE DESTINO:

Advírtese de que, independentemente do nivel de coñecemento de idioma esixido pola UDC e a maiores deste, a institución de destino poderá impor os seus propios requisitos a este respecto. **O incumprimento destes requisitos impostos pola institución de destino determinará o rexeitamento da candidatura do/a estudante e a imposibilidade de efectuar a estadía**, aínda que no proceso de selección da UDC se lle concedese a praza de mobilidade.

No caso de que a UDC recibise da universidade de destino unha comunicación directa e expresa en que lle prohíbe seleccionar estudantes que non teñan o nivel de idioma esixido en destino, non se lle concederán prazas de mobilidade a ningún estudante que non o acredite no momento de presentar a súa solicitude. Este niveis especiais esixidos para certos destinos serán publicados dentro da oferta que figura no enderezo <https://udc.moveon4.com/publisher/1/spa>. Durante o proceso de selección regulado no artigo 7.º os centros non asignarán estas prazas, ás persoas solicitantes que non satisfagan o nivel especial de idiomas esixido nestes destinos.

D) A PROBA DE NIVEL PARA ACREDITAR O REQUISITO DE IDIOMA NA UDC

1. No caso de non dispor do documento acreditativo do nivel da lingua de instrución na institución de destino no momento de solicitar a praza de mobilidade, a súa concesión quedará condicionada a que o/a estudante supere unha proba de nivel. **Esta proba de nivel para a mobilidade 2018/2019 realizarase exclusivamente no primeiro prazo de resolución desta convocatoria e non se volverá a repetir nos sucesivos prazos de resolución** en que se poidan asignar as prazas de mobilidade excedentes.
2. A superación da proba de nivel permitirá acreditar o nivel lingüístico esixido pola UDC para realizar a mobilidade no marco das convocatorias de mobilidade correspondentes ao ano académico 2018/2019. Fóra destas convocatorias e do ámbito da UDC a superación da proba carecerá de efecto oficial ningún. En particular, a UDC non garante que sirva para acreditar o nivel lingüístico perante a institución de destino.

3. A organización, execución e corrección das probas de nivel será a cargo do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Na presente convocatoria, a UDC subvencionará o 100% do custo da realización da única proba de nivel que se realizará.
4. O/a estudante deberá cubrir, durante o prazo indicado para a presentación de solicitudes de mobilidade internacional, un formulario electrónico disposto para estes efectos na páxina web do Centro de Linguas. Alí, ademais dos restantes datos que se lle pidan, deberá indicar os idiomas (inglés, francés, alemán, portugués ou italiano) de que desexa facer a súa proba de nivel. Esta proba **realizarase no día indicado no calendario que consta no artigo 17 desta convocatoria.**
5. A universidade **convocará o estudantado** para realizar as probas de nivel e indicará os días concretos, as horas e as aulas do exame de cada lingua mediante unha publicación na sección «Actualidade» da páxina web da Universidade, na páxina web do Centro de Linguas (<http://www.udc.es/centrodelinguas/ga/index.html>) e no espazo virtual de novidades da Oficina de Relacións Internacionais, *Up-To-Date* (<http://uptodateinternacional.udc.es/>). Tamén se lle notificará por correo electrónico a cada un dos estudantes o día e a hora do exame.
6. Os resultados que obteñan os estudantes nas probas de nivel realizadas no Centro de Linguas seranlles comunicados por correo electrónico a cada un deles, ao enderezo indicado na súa solicitude, e á ORI mediante unha listaxe. A ORI, á súa vez, remitirá aos centros esta listaxe para que estes asignen as prazas de conformidade co procedemento regulado nesta convocatoria. O nivel de idioma que acaden nas probas será certificado polo Centro de Linguas, caso de ser necesario, co único propósito de o enviar ao destino como garantía dese nivel.

E) REGRA ESPECIAL PARA OS ESTUDANTES ERASMUS+

Os estudantes que participan no programa Erasmus+ deberán cumprir coas obrigas específicas de carácter lingüístico impostas polo programa Erasmus+, en particular, deben participar en todas as avaliacións de idiomas en liña requiridas antes e despois da mobilidade a través da plataforma OLS (Online Linguistic Support) e a utilización da «Mobility Tool».

5.º DESTINOS PARA REALIZAR A MOBILIDADE E DURACIÓN DAS ESTADÍAS

A) DESTINOS:

1. Os estudante deberá elixir un ou varios destinos para realizar a súa mobilidade dentro da oferta de prazas prevista para o seu centro. O/a estudante non poderá elixir un número de destinos superior ao máximo que se indica para cada centro no anexo III.
2. En caso de estar cursando dúas titulacións da UDC en réxime de simultaneidade de estudos (PCEO), o/a estudante terá que indicar **obrigatoriamente** na solicitude o centro polo que pretende facer a mobilidade.
3. O número de prazas e destinos varía cada ano e é diferente para cada centro. O/a estudante pode consultar a oferta de prazas existente para o seu centro a través do portal de mobilidade que figura no enderezo <https://udc.moveon4.com/publisher/1/spa>, tanto para mobilidade Erasmus+, como para a Bilateral.

4. Algúns convenios Erasmus+ ou bilaterais asinados con certas institucións de destino poden establecer requisitos adicionais que o estudiantado deberá consultar na páxina web oficial da universidade de destino. O/a estudante que desexe elixir un destes destinos deberá cumprir estes requisitos adicionais para poder ser aceptado pola devandita institución.
5. Nos casos de presentación de solicitudes no marco do segundo, terceiro ou cuarto prazo de resolución desta convocatoria, o estudante deberá **ter en conta a data de peche de nominacións de candidaturas de mobilidade na universidade de destino**. Se esa data é anterior á data límite de fin de prazo para aceptación de destinos outorgados aos candidatos, especificada nos apartados 18, 19 ou 20 da presente convocatoria deberase considerar que o destino non está dispoñible. As datas de peche de candidaturas de mobilidade nas universidades de destino pódense consultar nas correspondentes páxinas web.

B) DURACIÓN DAS ESTADÍAS:

As estadías serán estadías presenciais en destino e terán unha duración mínima de 3 meses e máxima de 12, para mobilidades no marco dos programas Erasmus+ e de convenios bilaterais coa excepción daquelas institucións que esixan estadías mínimas máis prolongadas.

- **Regra especial para mobilidades bilaterais:** poderán participar nesta convocatoria os estudantes que inicien un intercambio bilateral no segundo semestre do curso 2017/2018 nunha institución cuxo calendario escolar coincida co ano natural e soliciten unha continuación de estudos no seguinte semestre na mesma institución de destino.
- **Regra especial para mobilidades Erasmus:** durante un mesmo curso académico é posible combinar un período Erasmus con fins de estudos cun período Erasmus con fins de prácticas sempre que:
 - a) A duración mínima da mobilidade con fin de estudos sexa de 3 meses, e a da mobilidade con fins de prácticas de 2 meses.
 - b) Sexan períodos pechados e independentes.

6.º COMO SOLICITAR A MOBILIDADE. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A) COMO CUBRIR A SOLICITUDE:

1. Todos os estudantes que soliciten unha mobilidade deberán cubrir unha **única solicitude** en liña a través do portal para estudantes de intercambio saíntes dispoñible na ligazón:
http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/index.html
2. Os estudantes accederán ao portal coas súas credenciais de usuario da UDC.
3. Tras cubrir a solicitude en liña, o/a estudante deberá imprimir **dúas copias** desta en papel (**xunto coa documentación complementaria**) e presentalas asinadas na Administración do seu centro. **As solicitudes que soamente se envíen en liña non se terán en conta.**
4. Antes de comezar a cubrir a solicitude o/a estudante debe ler detidamente as instrucións que están á carón da ligazón. As solicitudes que non sexan cubertas polo/a estudante

seguindo estas instrucións, ou que non estean correctamente cubertas no Portal para estudantes de intercambio, poderán ser excluídas do proceso de selección.

5. Na súa solicitude, o/a estudante debe indicar, como enderezo de correo electrónico, única e exclusivamente o enderezo institucional @udc.es de que dispoñen todos os membros da comunidade universitaria. As solicitudes en que se indique un enderezo de correo distinto do institucional @udc.es poderán ser excluídas do proceso de selección.
6. Ao cubrir a **solicitude única**, o/a estudante seleccionará a institución ou as institucións de destino en que desexa realizar a súa estadia dentro das ofertadas para o seu centro. O estudante poderá solicitar, por orde de preferencia, ata o número máximo de institucións de destino que para cada centro se indica no anexo III. As institucións de destino seleccionadas poderán ser indistintamente do programa Erasmus+ ou Bilateral.
7. Os estudantes non poderán solicitar prazas onde o número restante que figure na oferta sexa cero.

Cancelaranse de oficio as solicitudes daqueles estudantes que teñan concedida unha mobilidade no primeiro prazo da convocatoria e queiran solicitar unha nova mobilidade no segundo prazo da convocatoria para substituír a anterior.

B) DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR XUNTO A CADA UNHA DAS DÚAS COPIAS DA SOLICITUDE:

1. A documentación que acredite o coñecemento dos idiomas de instrución na/s institución/s de destino seleccionadas na solicitude.
2. A copia da matrícula universitaria 2017/2018. En caso de non estar matriculado/a no curso 2017/2018 na titulación para a cal solicita a mobilidade en 2018/2019 esixírase o escrito de compromiso dos estudantes (anexo IV) ou fotocopia do documento que acredite estar admitido na titulación.

Os candidatos matriculados en programas de doutoramento deberán achegar adicionalmente:

3. A memoria xustificativa do proxecto investigador que se realizará durante o período da estadia internacional asinada polo/a director/a de tese (máx. 3500 caracteres)
4. A carta de invitación do/a profesor/a responsable na institución de destino, en que deberá constar a conformidade coa memoria do proxecto investigador proposto.

C) LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

1. **As dúas copias da solicitude, xunto coa documentación complementaria**, presentaranse nas **administracións dos centros** en que estean matriculados os estudantes ou, de ser o caso, no que fosen admitidos os estudantes de mestrado.
2. As solicitudes deberanse presentar dentro **do prazo indicado no calendario que consta nos artigos 17, 18, 19 e 20 desta convocatoria**, en horario de atención ao público.
3. **A data de presentación da solicitude é, única e exclusivamente, a do día en que se presenten na Administración do centro as dúas copias asinada polo/a estudante, xunto coa documentación complementaria.**

4. As administracións dos centros enviaránlle á ORI, o venres de cada unha das semanas e ao día seguinte do peche dos prazos de presentación de solicitudes como data límite, un sobre que conteña unha das dúas copias de todas as solicitudes presentadas.

7.º CRITERIOS DE SELECCIÓN E COMISIÓN PARA CADA UN DOS PRAZOS DE RESOLUCIÓN

Antes de que as administracións dos centros comecen o proceso de adxudicación, o/a responsable de relacións internacionais deberá comprobar se quedan prazas dispoñibles nalgún dos destinos solicitados polo estudante e confirmar a posibilidade de elaborar un contrato de aprendizaxe entre a titulación da UDC e as titulacións da universidade de destino.

Unha vez que reciba as solicitudes, a ORI remitiralles as listaxes aos centros, que deberán ser comprobadas e cubertas pola administración do centro con base nas indicacións que estean establecidas na convocatoria para adxudicar as prazas de mobilidade.

O proceso de adxudicación farase do seguinte xeito:

1.º A Administración do centro fará unha prelación entre as solicitudes dos/as estudantes, ordenándoas en función da puntuación obtida mediante a aplicación dos criterios seguintes:

- Nota media do expediente académico, calculada segundo o sistema vixente no momento de publicación da convocatoria.
- O centro poderá asignar en concepto de “Outros méritos” ata un 5 % da puntuación total que pode obter o/a estudante, nos termos establecidos no Regulamento de mobilidade.
- En caso de empate entre dous estudantes, adxudicarase a praza a quen faga a estadía máis longa. Se este criterio non permite o desempate, daráselle preferencia ao estudante que teña aprobados máis créditos da súa titulación. De non ser posible aínda así dirimir o empate, asignaráselle a praza ao estudante que certifique un nivel MCERL máis alto no idioma en que vai desenvolver as súas actividades académicas na institución de destino. De continuar o empate, a praza adxudicaráselle ao estudante que teña máis matrículas de honra; se ambos os dous teñen as mesmas, ao que obtivese máis sobresalientes; e así sucesivamente ata acadar o desempate.

2.º As prazas serán asignadas pola Administración do centro estudante a estudante, seguindo a orde resultante da aplicación dos criterios anteriores. A cada un dos estudantes adxudicaráselle a primeira praza dispoñible dentro da selección de destinos efectuada na súa solicitude, sempre que non resulten excluídos. Dos destinos elixidos polo estudante só quedarán excluídos os seguintes:

- Aqueles respecto dos que o estudante non acredítase o nivel de idioma esixido nesta convocatoria.
- Se así o decidise o centro, tamén se poderán excluír neste momento aqueles destinos que, en relación co estudante que os solicite, non sexan obxectivamente susceptibles de dar lugar a recoñecemento académico, de conformidade cos criterios desta convocatoria e dos establecidos polo centro en uso das atribucións que lle confire o artigo 13.º do Regulamento de mobilidade.

3.º Para determinar con exactitude as prazas dispoñibles, o centro debe ter en conta os seguintes criterios:

- A oferta de prazas que acompaña a esta convocatoria, e que se pode consultar na ligazón: <https://udc.moveon4.com/publisher/1/spa>, expresa tanto o número de prazas dispoñibles para cada centro e destino, como o ciclo de estudos (grao, mestrado ou doutoramento) dispoñibles.
- As prazas que se asignen non deben superar en total o número máximo de prazas de mobilidade que figura no Portal para estudantes de intercambio saíntes para cada centro e destino (na ligazón <https://udc.moveon4.com/publisher/1/spa>).

4.º A condición de suplente só se lle concederá a un/unha estudante, cando non exista ningunha praza dispoñible para ningún dos destinos seleccionados por el ou ela. Neste caso, daráselle a condición de suplente da primeira institución que teña elixida e que non conte xa con algún suplente. De contaren todas as universidades da súa elección xa con algún suplente, adxudicáraselle a condición de segundo suplente nalgunha delas seguindo o mesmo criterio sinalado para os primeiros suplentes, e así de modo sucesivo para os terceiros e cuartos suplentes.

8.º LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DAS PRAZAS EN CADA RESOLUCIÓN

1. A Administración de cada centro elaborará unha listaxe provisional coas prazas asignadas a cada estudante.
2. Esta listaxe provisional será aprobada pola comisión de relacións internacionais da escola ou facultade e publicada no taboleiro de anuncios do centro e na súa páxina web.
3. Os centros enviaranlle á ORI as listaxes de adxudicación provisoria xunto coas ligazóns aos sitios webs onde estean publicadas.
4. Cada estudante disporá dun prazo de **tres días hábiles para presentar reclamacións** fronte a esta listaxe perante a comisión de relacións internacionais da escola ou facultade.
5. Atendidas as reclamacións e as renuncias, a comisión de relacións internacionais da escola ou facultade publicará unha listaxe definitiva de persoas adxudicatarias das prazas de mobilidade no prazo indicado nos artigos 17, 18, 19 e 20 desta convocatoria. A secretaría da dita comisión deberalle comunicar a listaxe definitiva de persoas adxudicatarias, incluída a listaxe de suplentes, á Oficina de Relacións Internacionais mediante a indicación da ligazón desde a que se poida acceder a esta na rede.
6. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva poderase interpoñer un recurso de alzada ante o reitor. A resolución do dito recurso esgotará a vía administrativa e contra ela poderase presentar un recurso de reposición ou recurso contencioso administrativo nos prazos e formas previstos na Lei reguladora do procedemento administrativo común.
7. En calquera caso, a adxudicación definitiva da praza de mobilidade e das axudas que lle puideren corresponder ao/á estudante dependerán da aceptación do/a estudante por parte da universidade de destino.

9.º ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1. Unha vez publicadas as listaxes definitivas e logo de que a ORI lles envíe un correo electrónico de confirmación, as persoas seleccionadas deberán formalizar a aceptación ou renuncia do destino adxudicado presentando na ORI o documento que figura no anexo I, de

conformidade co indicado nos calendarios que constan nos artigos 17, 18 e 19 desta convocatoria.

2. Xunto co documento de aceptación da mobilidade adxudicada, as persoas seleccionadas solicitantes de axudas financeiras Erasmus+ ou Bilaterais, deberán entregar na ORI os seguintes documentos:
 - Copia DNI/NIE
 - Certificación orixinal do IBAN da conta bancaria aberta en España da que a persoa solicitante é titular ou co-titular.
 - Modelo de alta bancaria debidamente asinado, segundo o modelo dispoñible no enderezo: http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/
3. A renuncia ou a aceptación da praza teñen que se realizar en prazo. As persoas que non presentaren a súa aceptación ou renuncia en prazo decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes, que serán informadas pola ORI.
4. Sempre dentro do prazo, recoméndaselles aos estudantes realizar a aceptación ou renuncia canto antes, para o efecto de que poidan dispoñer do máximo tempo posible para rexistrarse como estudantes de intercambio na universidade de destino.
5. O estudante deberá confirmar as datas límite de rexistro de candidaturas en destino nas páxinas web das universidades de destino, ou ben consultando directamente cos servizos de relacións internacionais das devanditas institucións.
6. Unha vez recibida a aceptación do estudante, a ORI comunicarlle a designación deste/a estudante á universidade de destino.

10.º CONTRATO DE ESTUDOS (*LEARNING AGREEMENT*) E REXISTRO NA INSTITUCIÓN DE DESTINO

1. Antes de se rexistrar como estudante de intercambio na universidade de destino, a persoa adxudicataria da praza de mobilidade elaborará, xunto coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro (ou coa persoa que dirixa a tese doutoral nos casos da oferta de prazas da Escola Internacional de Doutoramento), un contrato de estudos (*learning agreement*) en que indicarán, expresando os créditos de cada unha, as materias que vai cursar na universidade de destino, así como as materias da súa titulación UDC que lle serán recoñecidas á s volta en función do seu éxito académico.
2. O contrato de estudos deberase cubrir seguindo as instrucións facilitadas no mesmo modelo de «contrato de aprendizaxe Erasmus+» que consta na páxina seguinte:
http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/
3. Unha vez que teña o contrato de estudos cuberto e aprobado pola persoa responsable de relacións internacionais do seu centro, o estudante debe proceder a rexistrarse como estudante de intercambio na institución de destino, dentro do prazo concedido por esta. Xunto coa documentación que lle requira a institución de destino, o estudante incluírá necesariamente o contrato de estudos. A formalización do rexistro na institución de destino en tempo e forma é unha responsabilidade exclusiva do estudante.

4. O estudante deberá reclamar a súa carta de aceptación na universidade de destino unha vez transcorrido o prazo sinalado por esta para o rexistro de estudantes de intercambio e terá a obriga de entregar unha copia na ORI. Será admitido tamén como equivalente á carta de aceptación o contrato de estudos (*learning agreement*) asinado pola persoa representante da institución de destino. Cando sexa a ORI a que reciba estes documentos, comunicaráselle a súa recepción ao/á estudante.
5. Unha vez cuberto o contrato de estudos, asinado polo/a estudante e aprobado polo responsable de relacións internacionais do centro, o/a estudante formalizará a súa matrícula na UDC atendendo ao establecido neste, nos prazos ordinarios de matrícula previos á súa mobilidade. Ao formalizar a matrícula, o/a estudante deixará unha copia do contrato de estudos na Administración do centro.
6. Tras formalizar a súa matrícula, o/a estudante deberá entregar a continuación na ORI unha copia do contrato de estudos debidamente asinado cando menos polo responsable de relacións internacionais do seu centro e por el mesmo. A entrega do contrato de estudos na ORI é un requisito imprescindible para poder realizar a mobilidade.

11.º MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS E AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE MOBILIDADE PREVISTO

1. Con carácter xeral, permítese unha modificación do contrato de estudos por semestre, dentro dos prazos sinalados polo artigo 16.1 do Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes. Só excepcionalmente, e por causas plenamente xustificadas e alleas á conduta do estudante, se permitirán modificacións adicionais.
2. Sempre que for posible, no marco dos programas de mobilidade internacional en que existise acordo coa institución de destino, poderase conceder unha **ampliación** do período de mobilidade inicialmente previsto, **que a persoa interesada poderá solicitar por correo electrónico ao coordinador académico do seu centro mediante o envío do documento “During the mobility” asinado por ela mesma e polo coordinador de destino.**
3. **As administracións dos centros terán que remitir o documento “During the Mobility” á ORI nun prazo máximo dunha semana desde a sinatura do documento polo coordinador académico da UDC.**
4. **A continuación, a ORI remitiralle ao/á estudante a través do correo electrónico a emenda ao convenio financeiro e indicará se a ampliación da estadía leva consigo axuda económica ou non. O/A estudante terá que lle enviar á ORI a emenda asinada no prazo que se lle indique na mensaxe de correo electrónico.**
5. **As ampliacións aprobadas polo centro e recibidas na ORI ate o 10 de novembro (documento “During the Mobility”) terán preferencia para o reparto económico con cargo ao exercicio de 2018 dependendo da dispoñibilidade orzamentaria. A ampliación implica unha modificación do contrato de estudos (*learning agreement*) que se realizará de acordo cos prazos sinalados polo artigo 16.1 do Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes.**
6. En xeral, as condicións da ampliación da estadía son as establecidas no Artigo 12 do Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes.

7. A ampliación do período de mobilidade estará sempre suxeita ao cumprimento do mínimo de créditos establecido no artigo 11.º.
8. No marco do programa Erasmus+ só se concederán ampliacións de mobilidade que supoñan a permanencia na institución de destino por un semestre completo adicional, e formalizaranse coa sinatura da emenda ao convenio financeiro, asinada en todo caso antes do fin do período inicial previsto.
9. A Administración do centro gardará sempre unha copia do contrato modificado/ampliado no expediente do/da estudante, xunto co contrato inicial. A Administración do centro enviaralle tamén ao/á estudante unha copia do documento de modificación/ampliación asinado polas tres partes (During the mobility).
10. **As ampliacións de estadia non poderán ser aprobadas polos centros despois do 15 de decembro de 2017.**

12.º CONVOCATORIAS CURSADAS NO ESTRANXEIRO E RECOÑECIMENTO ACADÉMICO

1. As materias ou créditos que o estudante curse na institución de destino segundo o acordado no contrato de estudos serán obxecto de recoñecemento académico conforme ao establecido nel.
2. Dado que o curso académico consta unicamente dunha convocatoria, todas as materias incluídas no contrato de estudos serán unicamente obxecto de avaliación e cualificación na institución de destino durante o curso en que se desenvolve a mobilidade. O estudante, unha vez que teña incluída unha materia no seu contrato de estudos, non se poderá examinar da dita materia na UDC durante o mesmo curso académico, a non ser que modifique o contrato de estudos de conformidade co establecido nesta convocatoria e no regulamento de mobilidade internacional de estudantes da UDC.
3. En sentido inverso, o estudante que xa fose avaliado dalgunha materia no primeiro semestre do curso 2018/2019 na UDC non poderá incorporar a dita materia ao contrato de estudos que rexa a súa mobilidade no segundo semestre dese mesmo curso.
4. No caso dos estudantes de grao ou posgrao, o número de créditos obxecto de recoñecemento estará suxeito ao límite máximo establecido no Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional. O número mínimo será de 10 créditos ECTS para estadias trimestrais (3-4 meses), 18 créditos ECTS para estadias semestrais (4-7 meses) e de 36 ECTS para estadias anuais (7-12 meses).
5. O mínimo de créditos trimestral ou semestral poderase reducir, única e exclusivamente, cando o estudante superase todos os créditos da súa titulación e soamente lle reste por aprobar:
 - A) O traballo de fin de grao ou de fin de mestrado, e
 - B) O traballo de fin de grao ou de fin de mestrado e unha ou varias materias adicionais.

Nestes casos as estadias deberán ter carácter trimestral se o número de créditos restante é inferior a 10. Poderán ser semestrais se o dito número é igual ou superior a 10 pero inferior a 18, e serán admisibles con carácter anual cando o número sexa superior a 30.

6. Para os estudantes de doutoramento considerarase que unha estadía trimestral para desenvolver un proxecto de investigación xustificando segundo o establecido no artigo 6.º B.3, supón un esforzo equivalente a 15 créditos, unha semestral 30 créditos e unha estadía anual 60 créditos. O recoñecemento académico deste esforzo realizarase de conformidade co establecido no regulamento de doutoramento da UDC. Os estudantes de doutoramento deberán entregar unha avaliación final da súa estadía asinada polo titor da universidade de destino, que conteña unha descrición da actividade realizada durante a estadía e a dedicación en horas semanais.
7. Á marxe destes requisitos esixidos pola UDC, a universidade de destino poderálle esixir ao estudante, como condición para a súa aceptación, que curse nela durante a súa estadía un número determinado de créditos por trimestre, semestre ou ano académico. Igualmente, poderá excluír estadías de duración trimestral, e requirir de todos os estudantes a permanencia durante, polo menos, un semestre. O incumprimento destas condicións será motivo suficiente para a non aceptación do estudante e a imposibilidade de realizar a mobilidade.
8. Para poder proceder ao recoñecemento académico, o estudante, unha vez rematada a súa estadía, deberá solicitar do órgano competente na citada institución a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada. Esta certificación orixinal deberá ser entregada na ORI.
9. Os estudantes que realicen unha estadía no curso académico 18-19 non poderán realizar exames de recuperación ou segundas oportunidades como estudante de mobilidade da UDC fóra do período de mobilidade concedido. Este mesmo feito non poderá ser obxecto de ampliación da estadía.

13.º CONTÍAS, ASIGNACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

A) REGRAS XERAIS

1. Os estudantes adxudicatarios dunha mobilidade serán convocados pola ORI para asinar un convenio financeiro antes da súa incorporación á universidade de destino. Este convenio deberá asinarse con independencia de que o estudante teña ou non dereito á axuda. De non acudir a formalizar o convenio, o estudante decaerá nos seus dereitos como estudante de intercambio.
2. Unha vez asinado o convenio, entregarase á persoa seleccionada unha certificación en que constará o seu status de estudante de intercambio.

B) CONTÍAS E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS ERASMUS+

1. O/a estudante beneficiario/a poderá recibir unha axuda financiada conxuntamente pola Comisión Europea e pola Universidade da Coruña, cuxo importe é definido polo SEPIE no momento da sinatura coa UDC do convenio para o curso 2018/2019. Estas bolsas son compatibles con calquera outra complementaria para os mesmos efectos, e sinaladamente cos fondos que a Xunta de Galicia ou outras institucións puidesen prever, no uso das súas atribucións, para o financiamento das estadías no marco do programa Erasmus+.
2. A asignación das axudas aos estudantes realizárase a ORI e empregará para o efecto unha listaxe única por resolución, resultante de acumular todas as listaxes definitivas publicadas

polos centros en relación coas universidades implicadas no programa Erasmus+ tendo en conta a nota media do expediente.

3. Integrarán a listaxe única por resolución todos os estudantes que, na data de publicación da resolución do SEPIE que determina a axuda concedida á UDC con cargo aos fondos do programa Erasmus+, xa teñan adxudicada con carácter definitivo, e aceptada, unha praza de mobilidade nalgunha das convocatorias de mobilidade internacional de estudantes para o curso 2018/2019.
4. A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación poderá reservar unha parte do importe total da subvención Erasmus+ para conceder axudas aos estudantes de mestrado da UDC, dado que o período de admisión e matrícula para os mestrados ten lugar habitualmente máis tarde que a publicación da resolución do SEPIE.
5. A resolución que contén a asignación das axudas efectuarase no prazo de quince días, que conta desde o momento en que a UDC reciba a resolución do SEPIE que determina a axuda concedida á UDC con cargo aos fondos do programa Erasmus+.
6. No caso de que, tras o cómputo de gastos finais xustificadas polos candidatos adxudicatarios de mobilidades Erasmus+ con fins de estudos con axuda, quedase algún remanente de fondos dispoñible na aplicación orzamentaria, estes fondos poderán reasignarse a candidatos adxudicatarios dunha mobilidade deste tipo con «bolsa cero», que quedarán en listaxe de agarda da bolsa, sempre e cando non rematase a estadía do candidato e logo da sinatura da emenda do convenio financeiro de mobilidade Erasmus+.

C) CONTÍAS E ASIGNACIÓN DAS AXUDAS BILATERAIS

1. No caso de que a dotación orzamentaria do programa de mobilidade bilateral da UDC non sexa suficiente para financiar todas as estadías solicitadas con cargo á presente convocatoria, as axudas serán adxudicadas tendo en conta a nota media do expediente académico dos estudantes de conformidade coa normativa que rexa o cálculo das medias na UDC, e ponderado co coeficiente corrector de 1.17 para as titulacións técnicas.
2. A asignación das axudas dispoñibles aos estudantes realizaraa a ORI e empregará para o efecto unha listaxe única por resolución, resultante de acumular todas as listaxes definitivas publicadas polos centros en relación coas universidades implicadas no programa bilateral.
3. Integrarán a listaxe única todos os estudantes que aceptasen, tras a súa adxudicación definitiva, unha praza de mobilidade na presente convocatoria.
4. Da listaxe única serán eliminados todos os estudantes que percibiran unha axuda bilateral da UDC con anterioridade en calquera ciclo de estudos.
5. A resolución que contén a asignación das axudas bilaterais da UDC efectuarase no prazo de 15 días desde a publicación das listaxes definitivas.
6. Para mobilidades con destino en países que non teñen a condición de países do programa Erasmus+, a persoa que resultar adxudicataria recibirá unha axuda única de 1000 € por unha estadía trimestral (3-4 meses), 1200 € por unha estadía semestral (5-7 meses) ou 1500 € por unha estadía anual (8-12 meses). Estas axudas son compatibles con calquera outra complementaria para os mesmos efectos.

7. En xeral, no marco desta convocatoria de intercambio bilateral, as prazas con destino a estados que formen parte do programa Erasmus+ non recibirán financiamento de fondos propios da UDC. Excepcionalmente permitirase a adxudicación de bolsas bilaterais a aqueles estudantes cuxa mobilidade teña como fin a obtención dunha dobre titulación internacional acordada pola UDC e outra ou outras institucións pertencentes a un país do programa Erasmus+. Neste caso, o importe da bolsa bilateral de mobilidade será do mesmo importe que a bolsa que lle correspondería ao estudante de poder participar no programa Erasmus+.
8. Nos casos de continuación de estudos na mesma institución de destino para os candidatos que iniciaron as súas estadias no segundo semestre do curso 2017/2018, a contía da axuda desta ampliación sumarase á axuda concedida no curso 2018/2019, de xeito que a cantidade total que percibirá o estudante será de 1200 € para estadias semestrais e de 1500 € no caso dunha estadia anual.

D) PAGAMENTO DAS AXUDAS:

O pagamento farase en dous prazos:

- Iniciarase a tramitación do pago do 80% da axuda cando se reciba na ORI o certificado de chegada á universidade de destino debidamente asinado e selado.
 - Iniciarase a tramitación do pago do 20% restante ao finalizar a estadia, no momento en que se cumpran as dúas condicións seguintes:
 1. Que o/a estudante presente na ORI **conxuntamente** e en papel os seguintes documentos:
 - O certificado orixinal de fin de estadia, debidamente asinado e co selo da institución de destino.
 - No caso dos estudantes cuxa mobilidade se desenvolva no marco do programa Erasmus+, o comprobante de que realizou a proba final do OLS.
 - Un exemplar completo do contrato de estudos (con todos os cambios e modificacións realizados), asinado por todas as partes: el mesmo, o/a responsable de RRII do seu centro e o/a responsable da institución de destino.
 2. Que o/a estudante cubra o informe final de experiencia relativo á súa mobilidade.
 - No caso dos estudantes cuxa mobilidade se desenvolva no marco do programa Erasmus+, deben cubrir este informe na plataforma *Mobility Tool* da UE, tras recibir no enderezo @udc.es o correo correspondente co aviso dos xestores do programa.
 - No caso dos estudantes de mobilidade bilateral deben cubrir o formulario denominado «Informe final de experiencia para estudantes saíntes/Final travel report for outgoing students», a través do Portal para estudantes de intercambio saíntes, dispoñible en:
<https://udc.moveon4.com/form/5539122b0f9d308d5c000003/eng>
- A data límite en que deben cumprir as dúas condicións sinaladas para iniciar a tramitación do pagamento do último 20% da axuda é:

1. Para os estudantes cuxa mobilidade teña lugar no primeiro semestre, o 30 de marzo de 2019.
2. Para os estudantes cuxa mobilidade se prolongue todo o curso académico ou teña lugar no segundo semestre, o 30 de outubro de 2019.

- Aqueles estudantes que non entregasen nesa data os documentos e o informe de experiencia cuberto non recibirán o pagamento desta cantidade e, ademais, iniciárase o procedemento para lles esixir a devolución do importe íntegro da axuda percibida para realizar a mobilidade.
- As reclamacións faranse a través do correo electrónico da UDC e/ou de escritos enviados por correo postal certificado ao enderezo postal indicado polo estudante na súa solicitude.

14.º SEGUROS

Os estudantes deberán dispoñer dunha cobertura de seguro adecuada para realizar a súa mobilidade e serán os responsables de contratar os seguros que figuran máis abaixo, necesarios para cubrir os riscos derivados da súa estadía. En particular, deberán ter en conta o seguinte:

a) Seguro médico. A cobertura de seguro médico é obrigatoria . Para os estudantes que realicen a súa mobilidade dentro dun estado membro da UE abondará con obter a tarxeta sanitaria europea (TSE). No resto das mobilidades, o/a estudante deberá contratar un seguro médico privado válido para a cobertura en destino .

b) Seguro de accidentes, asistencia en viaxe e responsabilidade civil. Os estudantes de calquera dos programas de mobilidade internacional deberán subscribir e aboar o seguro que proceda de acordo coa normativa académica da UDC correspondente ao curso 2018-2019 **antes do inicio da estadía**. En calquera caso este seguro deberá incluír as seguintes coberturas mínimas: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do asegurado falecido, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía dun familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción dun familiar, desprazamento dun familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil.

O/A estudante será responsable de deixar na ORI un documento que acredite a contratación destes seguros e de que estes seguros cumpran os requisitos dos apartados anteriores.

15.º OBRIGAS DOS ESTUDANTES

O/a estudante comprométese ao seguinte:

1. Antes da partida:
 - a. Elixir as institucións de destino tendo en conta fundamentalmente as condicións académicas destas. En particular, é obriga de todo estudante consultar que no destino exista un plan de estudos adaptado ao seu perfil académico, así como a viabilidade de estudar na lingua en que se imparten as materias.
 - b. Revisar o bo funcionamento do correo institucional @udc.es, e comprobar frecuentemente a existencia de notificacións relativas á súa mobilidade.
 - c. Rexistrarse como estudante de intercambio na institución de destino, para o cal debe completar e enviar á dita universidade os formularios de candidatura (*application form*)

xunto co contrato de estudos (*learning agreement*) e o resto da documentación requirida por esta dentro dos prazos establecidos pola ela. O cumprimento desta obriga é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.

- d. Contactar coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro para recibir información sobre a universidade de destino e elaborar o contrato de estudos.
 - e. Presentar en tempo e forma todos os documentos requiridos pola ORI, incluíndo o contrato de estudos asinado, cando menos, pola persoa responsable de relacións internacionais do centro e por el mesmo.
 - f. Asinar o convenio financeiro (indicando se o estudante ten ou non axuda financeira) o día que sexa convocado para tal efecto pola ORI. De non acudir a formalizar o convenio, o estudante decaerá nos seus dereitos como estudante de intercambio.
 - g. Formalizar a súa matrícula ordinaria na UDC segundo a normativa de xestión académica da UDC para o curso 2018/19 e aboar, no seu centro da UDC, as taxas de matrícula, o seguro escolar e o seguro correspondente. Presentar unha copia na ORI.
 - h. Contratar os seguros a que se refire o punto 14 e presentar copia das pólizas na ORI. Igualmente, o estudante debe valorar a conveniencia de contratar outros seguros que cubran eventuais riscos que puideren xurdir durante a mobilidade.
 - i. En caso de renuncia á axuda durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberallo comunicar á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e mais á Oficina de Relacións Internacionais por escrito.
 - j. No caso de mobilidades Erasmus+, realizar a primeira avaliación do idioma a través da OLS.
2. Durante a estadía no centro de destino
- a. No prazo máximo de 10 días desde a incorporación no destino, remitirille por correo electrónico á Oficina de Relacións Internacionais a certificación de chegada debidamente asinada e selada.
 - b. Remitirille á persoa responsable de relacións internacionais e á Administración do seu centro, dentro dese mesmo prazo, o contrato de estudos (*learning agreement*) asinado pola universidade de destino se non o tiver antes de marchar.
 - c. Permanecer no destino até o final do período previsto da estadía. En caso de renuncia á axuda durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberallo comunicar á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro e mais á Oficina de Relacións Internacionais por escrito. As renunciacións que se produciren fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda que se recibise.
 - d. Manter o contacto directo periódico coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro a través do enderezo electrónico do dominio da UDC.
 - e. Someterse ás mesmas normas que o estudiantado da universidade de destino canto aos requisitos de conduta e resultados nas aulas.

- f. Superar un número de créditos igual ou superior ao **vinte por cento** do total de créditos que cursa no centro de destino.

3. Finalizado o período de mobilidade na universidade de destino:

- a. De modo inmediato tras finalizar a estadía, achegarlle á Oficina de Relacións Internacionais o documento, debidamente selado e asinado, do «Certificado de fin de estadía», así como cubrir o informe final de experiencia: “*EU survey*” a través do *mobility tool* para os Erasmus+ ou segundo o modelo proporcionado pola ORI para os Bilaterais a través do portal para estudantes de intercambio saíntes. Non entregar este documento ou o feito de non cubrir o informe final suporá a obriga do estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
- b. Achegarlle á ORI, de modo inmediato tras finalizar a estadía, un **exemplar completo** do contrato de estudos, con todos os cambios e modificacións realizados, asinado por todas as partes: el mesmo, a persoa responsable de RRII do seu centro e a persoa responsable da institución de destino. Non entregar este documento suporá a obriga do estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
- c. Os estudantes Erasmus+ que teñan que desenvolver a súa mobilidade en idiomas ofertados na plataforma OLS deberán realizar a proba de avaliación final deste idioma a través da plataforma OLS. Non realizar esta proba suporá a obriga do estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
- d. Solicitar do órgano competente na citada institución a expedición dunha certificación académica **orixinal** acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada (certificación de avaliación final con descrición da actividade realizada e dedicación en horas semanais, no caso de doutorados). Esta certificación terá que a entregar obrigatoriamente na ORI. No caso de non recibir o orixinal en papel, o/a estudante será responsable de solicitar á institución de destino que envíe directamente á ORI esta certificación en pdf debidamente asinada e selada. O feito de que a ORI non reciba a certificación por algunha destas dúas vías, suporá a obriga do estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.

16º INCUMPRIMENTOS

O incumprimento por parte do estudante de calquera dos deberes que lle imponen o artigo 6 do Regulamento de mobilidade ou a presente convocatoria terá as consecuencias sancionadoras previstas no punto 2.º do antedito artigo 6.º do Regulamento de mobilidade e, en todo caso:

- a. As renuncias que se produciren fóra do prazo establecido e sen xustificación serán consideradas motivo de exclusión en convocatorias posteriores e obrigarán á devolver o importe da axuda recibida.

- b. No caso de non acreditar a superación dun número de créditos igual ou superior ao vinte por cento do total dos que cursa no centro de destino, o estudante terá que devolver o importe da axuda recibida.

17.º CALENDARIO DO PRIMEIRO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Publicación da convocatoria	10/01/2018
Límite de presentación de solicitudes	30/01/2018
Realización das probas de nivel	02/02/2018, 03/02/2018
Publicación e envío aos centros dos resultados das probas de nivel	19/02/2018
Publicación das listaxes provisórias de selección nos centros	26/02/2018
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisórias	02/03/2018
Prazo de resolución das reclamacións nos centros	09/03/2018
Envío das listaxes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	09/03/2018
Prazo para aceptar os destinos outorgados aos estudantes	Entre o 16 e o 23 de marzo de 2018 (ambos incluídos) Ou 5 días hábiles antes do prazo límite indicado pola Universidade de destino Os estudantes serán chamados ordenadamente, por medio do correo electrónico, para que acudan á ORI a efectuar a súa aceptación nunha data determinada.

18.º CALENDARIO DO SEGUNDO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Data de apertura do segundo prazo da convocatoria	9/04/2018
Límite de presentación de solicitudes	25/04/2018
Publicación das listaxes provisórias de selección nos centros	03/05/2018
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisórias	10/05/2018
Prazo de resolución das reclamacións nos centros	16/05/2018
Envío das listaxes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	16/05/2018
Prazo para aceptar os destinos outorgados aos estudantes	Entre o 24 e o 31 de maio de 2018 (ambos incluídos) Ou 5 días hábiles antes do prazo límite indicado

	<p>pola Universidade de destino</p> <p>Os estudantes serán chamados ordenadamente, por medio do correo electrónico, para que acudan á ORI a efectuar a súa aceptación nunha data determinada.</p>
--	---

19.º CALENDARIO DO TERCEIRO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Data de apertura do terceiro prazo da convocatoria	02/07/2018
Límite de presentación de solicitudes	13/07/2018
Publicación das listaxes provisórias de selección nos centros	24/07/2018
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisórias	31/07/2018
Prazo de resolución das reclamacións nos centros	05/09/2018
Envío das listaxes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	05/09/2018
Prazo para aceptar os destinos outorgados aos estudantes	<p>Entre o 13 e o 20 de setembro de 2018 (ambos incluídos)</p> <p>Ou 5 días hábiles antes do prazo límite indicado pola Universidade de destino</p> <p>Os estudantes serán chamados ordenadamente, por medio do correo electrónico, para que acudan á ORI a efectuar a súa aceptación nunha data determinada.</p>

20.º CALENDARIO DO CUARTO PRAZO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Data de apertura do 4º prazo da convocatoria	01/10/2018
Límite de presentación de solicitudes	Vinte días antes da data límite de nominacións de candidaturas en destino , e, en todo caso, antes do 20 de novembro de 2018 se os prazos en destino son posteriores ao 10 de xaneiro 2019.
Envío de solicitudes desde o centro á ORI	Ao día seguinte de que o estudante presente as dúas copias da solicitude xunto coa documentación complementaria no centro.
Publicación das listaxes provisórias de selección nos centros	No prazo de 5 días máximo despois de recibir o correo da ORI indicando que o centro pode empezar o proceso de asignación da praza.
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisórias	Máx. 5 días naturais a partir da publicación da resolución provisional na Web do Centro

Prazo de resolución das reclamacións nos centros	Max. 5 días naturais a partir da publicación da resolución provisional na Web do Centro
Envío das listaxes finais de persoas seleccionadas e suplentes desde o centro á ORI e publicación dos listaxes finais na web da ORI	Max. 5 días naturais a partir da publicación da resolución provisional na Web do Centro
Aceptación de destinos outorgados aos estudantes	Máx. 3 días hábiles a partir da comunicación de concesión por email ao estudante desde a ORI. En todo caso 5 días antes do prazo límite de nominacións indicado pola universidade de destino

ANEXOS: Anexo I: Modelo de aceptación/renuncia á bolsa de mobilidade
 Anexo II: Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas
 Anexo III: Valoración doutros méritos por centros
 Anexo IV: Compromiso solicitude mestrado internacional

Para máis información: Oficina de Relacións Internacionais

CAMPUS DA CORUÑA

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1959)

Correo electrónico: outgoing.rrii@udc.es

CAMPUS DE FERROL

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Tel: 981 337 400 (ext. 3634)

Correo electrónico: riferrol@udc.es

A Coruña, 10 de xaneiro de 2018

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

ANEXO I

ACEPTACIÓN/RENUNCIA DA MOBILIDADE CON FINS DE ESTUDOS

A persoa que asina abaixo:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da mobilidade
- Comprométese a cumprir os termos do contrato de estudos asinado

Nome e apelidos:

DNI:

Estudante da Facultade/Escola de

Acepto a mobilidade con fins de estudos para o curso académico 2018/2019, concedida para ir a:

.....

Período de estudos:

- Primeiro semestre
- Segundo semestre
- Todo o curso académico
- Outras datas (especifíqueas):

Renuncio á mobilidade con fins de estudos para o curso académico 2018/2019, concedida para ir a:

Motivo da renuncia:

A Coruña/Ferrol,de de 2018

ASINADO

ANEXO II CERTIFICADOS ADMITIDOS PARA A ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE IDIOMAS

Táboas de certificados válidos para a acreditación de nivel de idiomas e a súa correspondencia co MCERL

No seguinte cadro inclúense as equivalencias de nivel que se aplicarán, só para efectos desta convocatoria, aos cursos de idiomas realizados no Centro de Linguas da UDC:

Idioma	A2	B1
Alemán	A2.2 (60H)	
Francés		B1.2 (45H)
Inglés		B1.2 (60H)
Italiano	A2 (60H)	
Portugués	A2 (60H)	

Pódense consultar as táboas de equivalencias doutros certificados segundo ACLES en [http://www.udc.es/export/sites/udc/ori/galeria_down/inf_estudiantes UDC/mobilidade internacional/1819/requisitos linguesticos 1819 201117 def.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/ori/galeria_down/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/1819/requisitos_linguesticos_1819_201117_def.pdf).

ANEXO III VALORACIÓN DOUTROS MÉRITOS

CENTROS UDC	Campus	N.º máx. de destinos para elixir por estudante	Valoración doutros méritos ata un 5%
EU de Arquitectura Técnica	A Coruña	4	non
EU de Enfermería - A Coruña	A Coruña	4	non
EU de Relacións Laborais - A Coruña	A Coruña	4	non
EU de Turismo	A Coruña	4	non
ETS de Arquitectura	A Coruña	4	non
ETS de Náutica e Máquinas	A Coruña	4	non
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	A Coruña	4	non
EU de Fisioterapia	A Coruña	4	Valorarase: a) participar nalgún grupo práctico en inglés das materias ofertadas en 2.º e 3.º curso de grao, b) ser bolseiro dos laboratorios da Fac. Fisioterapia ou do Departamento de Fisioterapia, c) ser representante dos estudantes nas xuntas de facultade ou nos consellos de departamento de Fisioterapia, d) ter participado en actividades, xornadas, ou congresos organizados pola Facultade ou o Departamento de Fisioterapia ou en colaboración co Colexio de Fisioterapeutas de Galicia, e) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II.
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	A Coruña	4	non
Facultade de Ciencias	A Coruña	4	non
Facultade de Ciencias da Comunicación	A Coruña	4	Valorarase: a) o coñecemento doutros idiomas ou dun nivel superior ao esixido para o destino e b) cursos realizados relacionados con comunicación audiovisual.
Facultade de Ciencias da Educación	A Coruña	4	non
Facultade de Dereito	A Coruña	4	Valorarase positivamente o coñecemento do idioma de destino superior ao esixido na convocatoria
Facultade de Economía e Empresa	A Coruña	4	non
Facultade de Filoloxía	A Coruña	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II e b) o coñecemento doutras linguas
Facultade de Informática	A Coruña	4	non
Facultade de Socioloxía	A Coruña	4	non
Facultade de Ciencias da Saúde	A Coruña	4	non
EU de Deseño Industrial	Ferrol	4	Valorarase a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino e o coñecemento doutras linguas, xustificado segundo as táboas do ANEXO II, b) ser ou ter sido bolseiro da EUDI, c) ser ou ter sido representante dos estudantes na Xunta de Escola da EUDI e d) ter participado en actividades, xornadas ou congresos organizados pola EUDI
Escola Politécnica Superior	Ferrol	4	non
Escola Universitaria Politécnica	Ferrol	4	non
Fac. de Ciencias do Traballo	Ferrol	4	non
Facultade de Enfermería e Podoloxía	Ferrol	4	non
Facultade de Humanidades	Ferrol	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, xustificado segundo as táboas do ANEXO II e b) o coñecemento doutras linguas

ANEXO IV

MODELO DE COMPROMISO

SOLICITUDE MESTRADO BILATERAL ESPECÍFICO

D/Dona: _____ DNI: _____

Dirección _____

Código Postal _____

Localidade _____ Teléfono/s _____ / _____

Email: _____

COMPROMÉTOME:

- a solicitar praza no Mestrado:

.....
.....

da (nome do centro)

da Universidade da Coruña nos prazos indicados na normativa académica;

- entregar na ORI a aceptación definitiva xunto coa restante documentación requirida pola convocatoria, nun prazo máximo de 15 días desde a súa publicación;

- cumprir os requisitos especificados no punto 4A, 4B ou 4D da devandita convocatoria.

E para que así conste asino o presente documento en

A Coruña, de de

(Asinar)

SRA. VICERREITORA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN